

INFORMACIÓN BÁSICA PARA OS CONCELLOS SOLICITANTES

OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

- Construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Adquisición de material deportivo inventariable (exclúense as actuacións de mellora da eficiencia enerxética).

CRÉDITO TOTAL E IMPORTE DA SUBVENCIÓN POR ENTIDADE E LIÑA DE ACTUACIÓN

- O crédito da convocatoria é de **5.822.500 €**, coa seguinte distribución por anualidades e liñas de actuación:

Actuacións subvencionables	2023	2024	Total
Liña I. Construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións dep.	2.740.000 €	1.918.000 €	4.658.000 €
Liña II. Adquisición de material deportivo inventariable	685.000 €	479.500 €	1.164.500 €

- A axuda económica concedida financiará ata o 80% do orzamento cun límite máximo subvencionable de:
 - Liña I (límite máximo para obras): 50.000 €
 - Liña II (límite máximo para equipamentos): 10.000 €

QUEN PODE SER BENEFICIARIO

- **Os concellos de Galicia** que, con carácter previo á resolución de concesión da axuda, teñan as súas instalacións deportivas inscritas no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (RIDEGA) consonte o establecido no Decreto 52/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220511/AnuncioG0595-030522-0001_gl.html
- Está a disposición dos interesados un manual para facilitar o proceso de inscrición.
<https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias/de401c-subvencions-concellos-para-construcion-reforma-reparacion-adecuacion-ou-mellora-de-instalacion-deportivas-e-para-adquisicion-de-material-deportivo-inventariable>
- NON poderán obter a condición de beneficiarios os concellos que incorran nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O concello debe estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias e de pagamento coa AEAT, a Seguridade Social e a Atriga.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **Prazo:** do 28.03.2023 ao 27.04.2023.
- **Forma:** as solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Documentación a presentar:**
 - Logo de cubrir o Anexo I de solicitude polo representante do concello na sede electrónica, achegarase **obrigatoriamente:**
 - **Anexo II** – Certificado do secretario con data do acordo da solicitude de subvención.
 - **Memoria** deportiva xustificativa asinada polo representante da entidade local.
 - **Liña I:**
 - a) Documento acreditativo da titularidade do terreo/inmoble.
 - b) Proxecto técnico/memoria valorada subscritos polo técnico (memoria explicativa, orzamento, planos).
 - **Liña II:** Memoria explicativa do equipamento asinada polo representante da entidade local.

DATA DE XUSTIFICACIÓN E EXECUCIÓN DA SUBVENCIÓN

O prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa será o que se estableza na resolución da concesión.

SOBRE A INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO E A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

1º
 Publicación no DOG do 27.03.2023 da convocatoria e **presentación de solicitudes**
(1 mes de prazo para presentar solicitudes -do 28.03.2023 ata o 27.04.2023-)



2º

Rematado o prazo de solicitudes e, unha vez revisadas, **publicarase no DOG a relación de solicitudes admitidas, as suxeitas a emenda e as inadmitidas**
(10 días de prazo para emendar erros ou achegar documentación)



3º

Rematado o prazo de emendas, procederase á **valoración definitiva das solicitudes** en base aos criterios art. 10 das bases reguladoras destas subvencións e á **publicación no DOG da relación definitiva de entidades beneficiarias, as desestimadas e as inadmitidas**

CONTACTO

- **Enderezo electrónico:** contratacion.deportes@xunta.gal
- **Información técnica:** 881 996 355
- **Información administrativa:** 881 996 380
- **Inscrición RIDEGA:**
 - Servizo Provincial de Deportes da Coruña: 881960771 - 881960768
 - Servizo Provincial de Deportes de Lugo: 982 294 566
 - Servizo Provincial de Deportes de Ourense: 988 386 050
 - Sección Promoción Deportiva de Vigo: 886 218 281